



NOVO CONVENIO E PLAN DE AXUSTE

A empresa sigue á ofensiva: o luns desta semana comunicou ós comités o inicio do procedemento para reabrir a negociación do convenio o mércores da semana que vén. Ante isto, hai que deixar varias cousas claras:

1) O III Convenio recolle dereitos moi importantes, como a garantía de recolocación en caso de Incapacidade Permanente Total de oficio, as asimilacións, amplos dereitos sociais ou a garantía de emprego (a garantía de non presentación de EREs durante a súa vixencia), un dereito fundamental suprimido polo IV Convenio. Por outra banda, a empresa xa declarou que o seu obxectivo é asinar novamente o IV Convenio, pero esta vez de forma legal. Por tanto, unha negociación precipitada significaría volver a poñer en risco os dereitos recuperados coa sentenza. **OS TRABALLADORES NON DEBEMOS TER NINGUNHA PRESA EN RENEGOCIAR O CONVENIO, E MENOS MENTRES O PP SIGA NO GOBERNO. A BENEFICIADA POR RENEGOCIAR CANTO ANTES SERÍA A EMPRESA.** É alucinante que haxa responsables sindicais a favor.

2) A empresa minte cando na comunicación deste luns ós comités afirma que desde a data de coñecemento da sentenza se aplica o III Convenio. Tardou case dous meses simplemente en adaptar a xornada ás 1.676 horas, sigue negándose a devolvernos os dous días traballados de máis en 2014, **SEGUEN PENDENTES UNHA CUESTIÓN TAN DECISIVA COMO A READMISIÓN DO COMPAÑEIRO PACO** ou a asignación de reloxo para picar... A empresa deixou de pagar a garantía de permanencia argumentando a anulación do IV Convenio, pero se nega a pagar as asimilacións do III. E aínda peor: **na última nómina deixou tamén de pagar asimilacións, é dicir, rebaixou niveis salariais xa consolidados**, o cal é de dubidosa legalidade. Isto só ten un nome: actuar de mala fe. ¿E nestas circunstancias imos facerlle o favor de apurarnos a renegociar o convenio? **PARA NEGOCIAR DE NOVO O IV CONVENIO PRIMEIRO TEN QUE CUMPRIRSE INTEGRAMENTE O III.**

3) Que non nos veñan dicindo que a lei nos obriga a negociar. Tamén a lei obriga a cumprir o III Convenio, e a empresa o viola descaradamente. E por certo, o III Convenio rematou a súa vixencia o 31 de decembro de 2009. A parte social denunciouno en tempo e forma para negociar un novo en 2010... ¡pero a negociación non empezou até 2013! A empresa fai o que máis lle convén; os traballadores debemos facer o mesmo. Agora somos nós os interesados en dilatar no tempo a vixencia do III Convenio. **A EMPRESA INCUMPRE O III CONVENIO COA ESCUSA DE ESPERAR POLO RESULTADO DO SEU RECURSO CONTRA A SENTENZA. POIS OS TRABALLADORES DEBEMOS DICIR QUE PARA NEGOCIAR DE NOVO O CONVENIO TAMÉN HAI QUE ESPERAR POR ESE RESULTADO.**

4) Na asemblea da sección sindical do martes desta semana, o responsable do sector naval público da federación informou de que a empresa estaba preparando un plan de axuste de plantilla, a negociar cos sindicatos. Tamén dixo que CCOO lle propuxo á empresa que o convenio formase parte da negociación dese plan e que se empezase a negociar canto antes, propostas que a empresa por suposto aceptou.

MESTURAR O CONVENIO CO PLAN É UN ERRO GRAVÍSIMO PORQUE É DARLLE Á EMPRESA A OPORTUNIDADE DE DIVIDIR ÓS TRABALLADORES CONDICIONANDO AS CONDICIÓNS DE PREXUBILACIÓN A UN RECORTE NOS DEREITOS DO CONVENIO, dereitos que son as conquistas de décadas de loita do movemento obreiro de Bazán-Izar-Navantia.

5) Propoñerlle á empresa fusionar o convenio co plan sen consultar previamente cos traballadores é a mesma política de feitos consumados que vimos durante a negociación do IV Convenio, cando o 10 de xullo de 2013 os nosos representantes lle entregaron unilateralmente á empresa unha contraproposta que se cargaba moitos dereitos do convenio. E cando isto transcendeu en Ferrol e se esixeu unha asemblea xeral para decidir sobre dita contraproposta, o comité negouse en redondo co argumento de que xa decidiríamos ó final (un final, obviamente, que estaría condicionado pola súa actuación unilateral). Houbo que facer unha recollida de sinaturas para obrigalos a convocar esa asemblea, onde quedou patente que non representaban a opinión dos traballadores. **O CONVENIO É DE TODOS E AS DECISIÓNS DEBEMOS TOMALAS ENTRE TODOS. NINGÚN REPRESENTANTE SINDICAL TEN DEREITO A ACTUAR SEN CONSULTAR ÓS TRABALLADORES.**

6) En calquera caso, **NON SE PODE NEGOCIAR NADA A NIVEL DE GRUPO ANTES DA CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS SINDICAIS DO 25 DE XUÑO** porque tódolos representantes sindicais que defenderon ante os traballadores o IV Convenio, que son a maioría, están desautorizados. Sen cuestionar a súa honestidade persoal, o certo é que asumiron con total naturalidade un convenio que contiña recortes gravísimos, o certo é que a actuación dun presidente do Intercentros vendido á empresa non lles levantou ningunha sospeita, o certo é que defenderon un convenio que era o convenio da empresa, o certo é que **DEMOSTRARON NON ESTAR CAPACITADOS PARA DEFENDER OS INTERESES DE CLASE DOS TRABALLADORES.** Ademais, lendo o comunicado de CCOO San Fernando tras coñecerse o de Oliva, cabe preguntarse lexitimamente se Oliva non tería algún cómplice.

Estanse movendo cousas moi importantes. **OS TRABALLADORES DEBEMOS ESIXIRLLE Ó COMITÉ DE EMPRESA UNHA RONDA DE ASEMBLEAS PARCIAIS INMEDIATAMENTE PARA QUE INFORME SOBRE TODO ISTO E CELEBRAR DESPOIS UNHA ASEMBLEA XERAL PARA QUE TODOS POIDAMOS DECIDIR SE TEN SENTIDO RENEGOCIAR CANTO ANTES O CONVENIO OU NON. SE O COMITÉ NON ACCEDE A ESTA PETICIÓN BÁSICA, OS TRABALLADORES DEBEMOS TOMAR A INICIATIVA PARA QUE SE CELEBRE.**

A lección máis importante do IV Convenio é que **OS TRABALLADORES TEMOS FORZA.** A oposición á sinatura do IV Convenio non xurdiu dos líderes da federación de CCOO nin da sección sindical de Ferrol, que no outono de 2013 intentaron repetidamente convencernos ós afiliados de que aceptásemos o IV Convenio. **Foi o masivo rexeitamento dos traballadores o que obrigou a CCOO de Ferrol a non asinar o preacordo en 2013 e o que levou a que a federación impugnase xudicialmente o IV Convenio en 2014. SEN A INTERVENCIÓN DOS TRABALLADORES DE FERROL, QUE DEMOSTRARON MOITA MÁIS COMBATIVIDADE QUE OS SEUS DIRIXENTES E QUE OS SUPERARON, O IV CONVENIO TERÍA SIDO ASINADO LEGALMENTE.** A firmeza e determinación dos propios traballadores é a clave da defensa dos nosos dereitos, como esta mesma semana acaban de demostrar os compañeiros de Coca-Cola de Madrid. **¡SI SE PODE!**